

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Contidos: Área de Comunicación

Deseño gráfico: Uqui/Cebra

Fotografías: Arquivo AGADIC

D.L.: C-826-06

A AGADIC DESTINA MÁIS DE 7,1 MILLÓNS DE EUROS AO AUDIOVISUAL GALEGO A TRAVÉS DO PROGRAMA DE AXUDAS 2010

A DOTACIÓN TOTAL DAS SEIS LIÑAS DE SUBVENCIÓNS EXPERIMENTA UN INCREMENTO DE 280.000 € RESPECTO A 2009

APOIARASE POR VEZ PRIMEIRA A PRODUCCIÓN OU COPRODUCCIÓN DE SERIES DE ANIMACIÓN E MINISERIES

A Consellería de Cultura e Turismo destina un total de 7.180.000 euros ás seis liñas de apoio ao sector audiovisual galego inseridas no seu programa de axudas 2010, que por segundo ano consecutivo convocará a través da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais). Este importe global, que será distribuído en diferentes anualidades até 2013, supón un incremento de 280.000 euros respecto das dotacións aprobadas na convocatoria de 2009.

SUMARIO

- [1-5] AGADIC
- [3-5] > Centro Dramático Galego
- [5] > Escola de Altos Estudos Musicais
- [6] ALERTA!
- [6] NOVIDADES EDITORIAIS
- [7-8] E_SCENA EN CIFRAS



navega por e_scena pinchando nas frechas, no índice e nos enderezos web

A AGADIC DESTINA MÁIS DE 7,1 MILLÓNS DE EUROS AO AUDIOVISUAL GALEGO A TRAVÉS DO PROGRAMA DE AXUDAS 2010

O importe total será distribuído en diferentes anualidades até 2013

.....
vén da páx. anterior

O maior apoio económico volve centrarse na produción e coprodución de longametraxes, categoría para a que se reserva un crédito de 4.980.000 euros, mentres que as axudas de concesión automática para a amortización dos custos de produción son as que rexistran un maior aumento orzamentario, pasando de 600.000 a 800.000 euros en 2010. O resto do investimento distribúese entre as liñas referidas a proxectos audiovisuais (500.000 euros), promoción do talento audiovisual galego (350.000 euros), desenvolvemento e produción de contidos interactivos (350.000 euros) e produción de curtametraxes e videoclips (200.000 euros).

Canto ao tipo de produto e formato, unha das principais novidades refírese á incorporación das series de animación e miniseries para televisión como submodalidade dentro das subvencións a producións ou coproducións audiovisuais, ás que poden optar así mesmo longametraxes cinematográficas de ficción ou animación, óperas primas ou segundas longametraxes, telefilmes e documentais de creación ou de difusión cultural. En todos os casos, debe tratarse de traballos en lingua galega, cun decidido contido artístico e cultural, a cargo de produtoras independentes. O orzamento global destinado a estas axudas distribuírase en catro anualidades, de xeito que 1.580.000 euros reservaranse para 2010, 1.400.000 para 2011, 1.200.000 para 2012 e 800.000 para 2013.

Proceso previo

Coa liña de apoio ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega nas súas diferentes modalidades (longametraxes de ficción, longametraxes docu-

mentais, películas para televisión, formatos innovadores para televisión e pilotos de series de animación para TV), a AGADIC busca fomentar unha das fases esenciais na realización dunha obra audiovisual, entendendo por desenvolvemento de proxectos o conxunto de operacións previas aos procesos de preproducción e produción: adquisición de dereitos, traballo de investigación, escrita e análise do guión, selección do equipo artístico e técnico, preparación do orzamento estimado, procura de socios, etc. Os 500.000 euros reservados para esta categoría distribuiranse ao 50% entre as anualidades de 2010 e 2011.

Aos novos creadores diríxense especialmente as bolsas para a promoción do talento audiovisual galego, destinadas á escrita de guións e á realización de curtametraxes e longametraxes en soporte dixital; así como as axudas á produción de curtametraxes en versión orixinal galega (curtas en soporte cinematográfico, animación en cine, curtametraxes en soporte dixital de carácter innovador ou experimental e videoclips).

O apoio económico ao sector complétase coas subvencións ao desenvolvemento de contidos interactivos, destinados a internet, televisión dixital interactiva, consolas de videoxogos e dispositivos móbiles. O importe total repartirase en dúas anualidades (150.000 euros en 2010 e 200.00 euros en 2011) e en ningún caso poderá favorecer proxectos que difundan contidos considerados nocivos.

As seis modalidades de axudas serán convocadas proximamente a través da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG).

CATEGORÍAS E DOTACIÓNS DAS AXUDAS AO SECTOR AUDIOVISUAL. CONVOCATORIA 2010

Producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico:

4.980.000 € (en catro anualidades)

1. Longametraxes

- A. Longametraxes cinematográficas (animación, ficción ou documental)
- B. Operas primas ou segunda longametraxe
- C. Películas para TV, series de animación e miniseries

2. Longametraxes documentais

- A. Documentais de creación
- B. Documentais de difusión cultural

Creación audiovisual para a escrita individual de guións e a realización de curtametraxes e longametraxes en soporte dixital: 350.000 €

- A. Escrita individual de guión
- B. Curtametraxes en soporte dixital
- C. Curtametraxes experimentais
- D. Longametraxes en soporte dixital

Desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega:

500.000 € (en dúas anualidades)

Longametraxes de ficción, longametraxes documentais, películas para televisión, formatos innovadores para televisión, pilotos de series de animación para TV

Produción de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega e de videoclips: 200.000 €

- A. Curtametraxes en soporte cinematográfico
- B. Curtametraxes de animación en soporte cinematográfico
- C. Curtametraxes innovadoras ou experimentais en soporte dixital
- D. Videoclips

Desenvolvemento e produción de contidos interactivos en lingua galega:

350.000 € (en dúas anualidades)

Amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego: 800.000 €

A. Longametraxes cinematográficas

- A.1. Longametraxes de ficción ou documentais
- A.2. Longametraxes de animación

B. Telefilmes

DIFUSIÓN

PUBLICADOS OS NÚMEROS DE XANEIRO DAS REVISTAS PARAÍSO E AO VIVO MÚSICA

A Axencia Galega das Industrias Culturais publicou as novas entregas das dúas revistas que imprime para a difusión das actividades das súas redes de distribución de espectáculos e concertos. Trátase do número 7 de *Paraíso*, a publicación que se fai eco da programación e dos protagonistas da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas, así como o número 5 de *Ao Vivo Música*, desde a que se realiza unha labor de promoción da música galega en xeral e, particularmente, dos grupos que actúan nos locais da Rede Galega de Música Ao Vivo.

Paraíso 7 adica a súa portada á compañía Matarile e a súa última proposta, *Cerrado por Aburrimiento*, a nova creación de Ana Vallés. Nas súas páxinas interiores tamén se achega á figura de Ernesto Chao,

así como ao traballo de Voadora, o proxecto escénico que lideran Marta Pazos e Hugo Torres. No apartado infantil amósase desta volta a Títeres Trompicallo e a súa exitosa *Violeta Coletas contra as Salchichas Gulp!* A danza trátase neste número a través do espectáculo *Concerto Desconcerto* da compañía Entremáns, coprodución do Centro Coreográfico Galego da pasada temporada. O labor continuo a prol da difusión cultural que se realiza desde A Coruña, co Teatro Rosalía Castro e o Fórum Metropolitano como espazos tan diferentes como complementarios, son o modelo de xestión escénica que pecha os contidos da revista.

Nova periodicidade cuatrimestral

Ao Vivo Música enfronta 2010 brindando as súas páxinas á promoción da música galega en toda a súa extensión. Ademais das actividades e intérpretes que se distribúen a través da Rede Galega de Música ao Vivo, a revista ábrese a partir deste número á difusión de todo tipo de grupos e solistas, tanto os máis consolidados coma os emerxentes, co único denominador común para todos eles de traballar desde Galicia. A publicación incrementa, ademais, a súa presenza cunha nova periodicidade cuatrimestral, o que suporá o encontro cos lectores en xaneiro, maio e setembro.

O número 5 de *Ao Vivo Música* presenta en portada a Carlos Núñez co seu proxecto de expansión ao mercado brasileiro e dedica as súas seccións a artistas como Cristina Pato, Batuko Tabanka, Naddadora ou Phantom Club, entre outros.

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO [CDG]



O CDG DRAMATIZARÁ AS TRES OBRAS FINALISTAS DO PREMIO DIARIO CULTURAL DE TEATRO RADIOFÓNICO

As obras presentadas baixo os lemas *O vento da illa*, *Nunca me esquecerei de ti* e *Indoor* foron seleccionadas como finalistas do IV Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, organizado polo programa Diario Cultural da Radio Galega e o Centro Dramático Galego, co patrocinio da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais).

Ánxeles Cuña dirixirá a adaptación radiofónica dos devanditos textos, que serán dramatizados por un equipo de actores e actrices coordinado polo CDG e emitidas ao longo do mes de marzo na Radio Galega. Trala súa emisión

daranse a coñecer o Premio do Xurado dotado con 3.000 euros e o Premio da Audiencia dotado con outros 3.000. Tamén está previsto un acto de entrega público, no que os actores e actrices interpretarán en directo as dramatizacións ao tempo que se transmitirán pola radio.

O Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio, facilitar o diálogo entre a dramaturxia contemporánea e o medio radiofónico, divulgar a escrita teatral galega e contribuír á recuperación desde unha perspectiva contemporánea do xénero de teatro radiofónico.

Único das súas características na Comunidade autónoma e pioneiro no Estado, o premio leva o mesmo título que o programa da Radio Galega decaño da información cultural en Galicia. Mantén unha traxectoria de catro anos consecutivos de convocatoria e consolídase así nos seus obxectivos.

David Rodríguez foi o gañador da primeira edición con *O Bambam*. A obra, interpretada por Luís Tosar e Luís Zahera con dirección de Lino Braxe, recibiu tamén o premio do público. Na segunda edición distinguíronse os títulos *O mal da vaca* de Begoña García, premio do xurado, e *Saltimbanqui* de Lois Pérez, premio da audiencia. Na terceira edición, os escritores Rubén Ruibal e César Candelas recolleron tanto o galardón do público coma o do xurado polo texto *Peter Buckley*.

"AS ACTAS ESCURAS" ABRE EN NARÓN UNHA XIRA POR SETE LOCALIDADES GALEGAS

O Pazo da Cultura de Narón será o primeiro destino do espectáculo *As actas escuras*, que os días 19 e 20 de febreiro iniciará aquí unha xira durante a que visitará outros seis concellos galegos ata completar unha trintena de funcións no mes de abril: Teatro Lauro Olmo do Barco (26 de febreiro), Teatro Municipal Área Panorámica de Tui (5 de marzo), Centro Cultural Caixanova de Vigo (17 de marzo), Teatro Rosalía da Coruña (19 e 20 de marzo), Teatro Principal de Ourense (27 e 28 de marzo) e Teatro Jofre de Ferrol (3 de abril).

A representación da obra de Roberto Vidal Bolaño que dirixiu Xúlio Lago encara a súa distribución avalada polo éxito

colleitado nas 17 funcións desenvolvidas no Salón Teatro, ás que asistiu numeroso público xeral, así como alumnos procedentes de 12 centros de ensino dos municipios de Ames, Beceerreá, Lugo, Negreira, Padrón, Pedrafita, Ribeira e Santiago de Compostela.

Unha investigación encargada polo cardeal Payá e Rico sobre o redescubrimiento dos restos do Apóstolo na Compostela de finais do século XIX centra a trama principal desta historia sobre a ocultación da verdade e o sentido da ética. Xosé Manuel Olveira "Pico" e Ricardo de Barreiro encabezan o elenco, do que tamén forman parte outros 12 destacados actores e actrices da escena galega: César Cambeiro, Ursia Gago, Jouse García, Mónica García, Teté García, César Goldi, Xoán Carlos Mejuto, Fernando Morán, Rodrigo Roel, Pepe Soto, Agustín Vega e Marcos Viéitez.



FOTOS: TONO ARIAS



MÁIS DE 700 PERSOAS ASISTIRON ÁS PRIMEIRAS REPRESENTACIÓNS DE "OS CATRO DA XUNQUEIRA"

Máis de 700 persoas asistiron os pasados 30 e 31 de xaneiro no auditorio do Centro Cívico de Valadares, en Vigo, ás primeiras representacións públicas do espectáculo *Os 4 da Xunqueira*, a cargo das compañías Limiar Teatro e MAO Teatro en coprodución co Centro Dramático Galego.

Os 4 da Xunqueira é un espectáculo teatral, musical, didáctico e interactivo dirixido á infancia e á terceira idade, que se basea na historia de tradición oral "Os catro amigos" na que os personaxes de Can, Boi, Gata e Galo foxen da cidade buscando o seu lugar no medio rural.

Trátase dun proxecto transnacional entre Galicia e Portugal, que conta co financiamento da Unión Europea a través do programa CREATIVA de cooperación transfronteiriça e co asesoramento pedagóxico de Proxecto Terra, escoitar.org e Ponte nas ondas-Patrimonio inmaterial Galego Portugués.

A temática da peza céntrase no despoboamento rural e no vínculo que se establece entre mozos e maiores, así como na tradición oral como fonte de sabedoría. Ao longo dunha hora, o espectáculo integra teatro, música, danza, acrobacia, monicreques e malabares nunha estética *cartoon* creada



por medio dunha escenografía, maquillaxe, vestuario (pintado a man) e iluminación que transportan ao espectador a unha atmosfera de conto de debuxos animados. A obra conta tamén con música en directo mediante a fusión de instrumentos tradicionais con instrumentos urbanos e contemporáneos.

Dirixido por Fran Núñez, o espectáculo resulta da creación colectiva emprendida a partir da dramaturxia escrita polo propio Núñez e Mary Paz Alonso, na que se plasma unha idea orixinal de Avelino González. A interpretación corre a cargo

de Lucía Hernández, José Carlos Illanes, Manuel Polo e Alexander Vorontsov, que dan vida aos catro animais protagonistas.

Os 4 da Xunqueira busca a participación activa do público por medio de interactividades musicoterapéuticas e de experimentación sensorial. Aparece así a creación de paisaxes sonoras, atmosferas táctiles ou estímulos olfactivos, a través dos que o espectáculo pretende conseguir obxectivos terapéuticos como a estimulación da memoria, a coordinación psicomotriz e o incremento da capacidade de atención.

A ACTRIZ VICKY PEÑA INTERPRETARÁ NO SALÓN TEATRO "APRÈS MOI, LE DÉLUGE" CON TEATRE LLIURE

A produción de Teatre Lliure *Après moi, le déluge* (*Despois de min, o diluvio*) iniciará a súa xira española con dúas funcións no Salón Teatro, os días 20 e 21 de febreiro. A compañía catalana, que xa exhibira na pasada temporada en Santiago o espectáculo *Nixon-Frost*, ocupará novamente o escenario do Centro Dramático Galego despois das catro funcións que ofrecerá Teatro do Morcego con *Saltimbanquis* (do 11 ao 14 de febreiro).

Coproducida co Centro Dramático Nacional, *Après moi, le déluge* é unha obra orixinal de Lluïsa Cunillé que se presenta con dirección de Carlota Subirós e coa interpretación de Jordi Dauder e Vicky Peña.

O espectáculo transcorre nunha habitación dun hotel de luxo en Kinshasa, onde se atopan un home e unha muller. Os dous, alleos en principio á realidade externa, inician unha conversa que, pese ao seu consciente illamento, os leva a pronunciarse sobre a verdade de saqueo e inxustiza que sofren os habitantes do país.

Cunillé, considerada unha das autoras máis singulares da nova dramaturxia catalana, ofrece así unha visión insólita e persoal da complexa relación entre os chamados primeiro e terceiro mundo. A obra, escrita por encarga como dramaturga residente do Lliure, obtivo o Premio Lletra d'Or 2008 ao mellor texto teatral editado en catalán.



FOTO: ROS RIBAS

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS [EAEM]

ALBAN GERHARDT IMPARTE CLASES MAXISTRAIS DE VIOLONCHELO NA EAEM

O afamado solista alemán de violonchelo Alban Gerhardt imparte este mes de febreiro distintas clases maxistras na Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) como parte do programa lectivo dirixido aos alumnos da Sección de Especialización deste centro docente.

Cun repertorio de máis de 60 concertos, Alban Gerhardt traballa na ampliación do repertorio con compositores como Unsuk Chin, Peteris Vasks, Brett Dean, Jörg Widmann, Osvaldo Golijov, Mathias Hinke e Matthias Pintscher. Entusiasta recitalista, toca regularmente con colegas seus como Steven Osborne, Cecile Licad, Lars Vogt, Christian Tetzlaff, Lisa Batiashvili, Julia Fischer, Tabeta Zimmermann e Emmanuel Pahud. Tense presentado en numerosos festivais e sedes internacionais de prestixio como o Wigmore Hall de Londres, Filarmonía de Berlín, o Suntory Hall en Tokio e o Chatelet en París.

Moi activo no estudos de gravación, Alban Gerhardt gañou o Premio Midem Clásico 2006 polo seu debut no selo Hyperion cos concertos de Enescu, Dohnányi e D'Albert, gravou un segundo CD con obras de Schnittke e Shostakovich co pianista Steven Osborne; e en 2008 fixo o propio coas sonatas para violonchelo de Max Reger co pianista



Markus Becker. En 2003 recibiu o Premio ECHO Classics pola súa gravación do *Primeiro concerto* de Rubinstein; en 1998 obtivo o mesmo galardón polo seu traballo para Harmonia Mundi das sonatas de Brahms con Markus Groh ao piano. Ten gravado tamén concertos e recitais nos selos EMI, Chandos e Oehms. En 2007 participou no segundo volume de Concertos románticos para violonchelo, incluíndo obras de Schumann, Gernsheim, Dietrich e Volkmann coa Sinfónica de Radio Berlín e Hannu Lintu.

Nado en Berlín no seo dunha familia musical, Alban Gerhardt amosou un precoz talento no piano e no violonchelo. Os seus principais mestres foron Boris Pergamenchikov, Markus Nyikos e Frans Helmerson. Alban Gerhardt toca ademais un magnífico instrumento, un violonchelo do lexendario *luthier* Matteo Goffriller.

UN TOTAL DE 15 ALUMNOS OFRECEN DOUS CONCERTOS DE CÁMARA OS DÍAS 8 E 9 DE FEBREIRO

Un total de 15 alumnos de instrumentos de corda e de vento-metais da EAEM ofrecen os días 8 e 9 de febreiro dous concertos de cámara, abertos ao público, que terán lugar ás 20:30 horas no auditorio da sede da escola, ubicada no interior da finca Vista Alegre de Santiago.

O programa do concerto do luns 8 inclúe o *Quinteto Op. 52* de L. Spohr e o *Trío Op. 1 nº3* de Beethoven. A interpretación correrá a cargo dos alumnos Justo R. Alcalde (fagot), Virginia Ameneiros (clarinete), Lorena Méndez (frauta), Alfredo Varela (trompa), Ana Montero (violín) e Guillermo Alzugaray (violonchelo). Á fronte do piano estará o profesor Alexander Gold.

As obras preparadas para o recital do martes 9 son *Cuarteto de corda en Do Maior Op. 74* e *Cuarteto de corda en Re Maior Op. 64 nº6*, os dous de J. Haydn; ademais do Cuarteto de corda en Si B Maior Op. 18 nº6 de Beethoven. Executarán cada instrumento Xaquín Carro (violín), Antonio Facal (violín), Olalla González (violonchelo), Rocío Rossi (violín), Sara Gil (violín), Lorena García (viola), Guillermo Alzugaray (violonchelo), Ana Montoro (violín), Lidia P. García (violín), Antía Guillén (violonchelo) e o profesor Tilmann Kircher (violonchelo).

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatorias	Contido	Dirixido a	Data límite
Concurso para a contratación do novo director/a do CDG	A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) convoca un proceso de selección para a contratación, baixo a modalidade de alta dirección, dunha praza de director/a do Centro Dramático Galego (CDG). As bases foron publicadas no DOG nº 18 de 28 de xaneiro.	Os candidatos deberán estar en posesión de titulación universitaria, en grao de licenciatura ou equivalente, ademais de cumprir outros requisitos taxados nas bases e achegar en tempo e forma toda a documentación requirida e o modelo de instancia publicado como anexo á convocatoria. Entre os documentos que se solicitan figura unha memoria-proxecto de programación para tres temporadas escénicas. Máis información: www.agadic.info	15 de febreiro
Axudas de acción e promoción cultural	O Ministerio de Cultura convoca as axudas de acción e promoción cultural co obxectivo de fomentar actividades que contribúan a promover e difundir as distintas manifestacións culturais, desenvolvidas con ámbito estatal, tanto no interior como no exterior de España. A convocatoria foi publicada no BOE nº 14 de 16 de xaneiro.	As fundacións e asociacións son as principais beneficiarias deste tipo de axudas. Máis información: http://www.mcu.es/industrias/Ayudas/Ayudas_accion.html	15 de febreiro
Axudas para a edición de revistas de cultura	O Ministerio de Cultura convoca estas subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a edición de revistas de cultura escritas en castelán, galego, catalán, euskera ou valenciano. As bases poden consultarse no BOE nº 19 de 22 de xaneiro.	Empresas e institucións sen fins de lucro. Máis información: http://www.mcu.es/libro/SC/becasAyudasSubvenciones/SubvencionesEmpresas2010.html	16 de febreiro

Outras convocatorias de interese:

| Consorcio Audiovisual de Galicia: www.consorcioaudiovisualdegacia.org
 | Academia Galega do Audiovisual: www.academiagalegadoaudiovisual.com

| Redescena: www.redescena.net
 | Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu

NOVIDADES EDITORIAIS [EDIT]



Paraíso

Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas

AGADIC / Nº 7 / xaneiro 10
Edición non venal



Paraíso dedica a portada e un dos reportaxes centrais da súa sétima entrega á compañía Matarile Teatro e ao seu último espectáculo, *Cerrado por aburrimiento*, ademais de ofrecer en páxinas interiores unha entrevista con Ernesto Chao e un percorrido polas últimas propostas de Voadora, Títeres Trompicallo e Entremans, entre outros contidos.

Ao vivo música

AGADIC / Nº 5 / xaneiro 10
Edición non venal

Ao vivo música comeza co primeiro número de 2010 unha nova etapa na que abre os seus contidos á música galega de todos os estilos, máis alá dos grupos e solistas distribuídos a través da Rede Galega de Música ao Vivo, e pasa a ter unha periodicidade cuadrimestral. A experiencia brasileira de Carlos Núñez e doutros artistas galegos ocupa a portada desta entrega, na que tamén figuran grupos como Batuko Tabanka, Combo Dinamo, Phantom Club ou Nadadora.




Bon appétit

Begoña García Ferreira

Colección Barriga verde, nº 7
Editan: AGADIC e Baía Edicións
ISBN: 978-84-453-4866-6
PVP: 9 €

Obra gañadora en 2009 da sétima edición do premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, na súa modalidade infantil, *Bon appétit* é unha comedia de amor que mestura estereotipos culturais, o gusto pola comida e a cociña experimental de palabras con poderes máxicos, dando como resultado un "prato" para espertar os sentidos.



Auga que non vas beber...

Inacio

Colección Barriga Verde, nº 8
Editan: AGADIC e Baía Edicións
ISBN: 978-84-453-4867-3
PVP: 6 €

Inacio (Inacio Vilariño) recibiu o VII Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, na modalidade de adultos, con este musical satírico para marionetas que, inspirado na tradición oral anticlerical ibérica, conta a historia do Padre Damián, párroco de Agolada, e os seus amoríos.

AGADIC

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións con distribución pechada *

Noite de Reis

A boa persoa de Sezuán

As Dunas

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Producións con distribución pechada *

Giseliña

SALÓN TEATRO

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT./FUN.	FACT./ FUNCIÓN
CDG	<i>Noite de Reis</i>	18	203,83	1.049,72 €
Varuma Teatro	<i>Malgama</i>	2	113,50	686,50 €
O Último Momento	<i>Contigo</i>	2	115,00	639,00 €
Maquinaria Pesada	<i>As vingadoras</i>	2	193,00	302,50 €
Ieto	<i>Ieto</i>	2	120,50	666,00 €
Jeremy Jay	Festival Sinsal	1	190,00	1.383,00 €
CDG	<i>As Dunas</i>	16	127,50	545,25 €
Pram	Festival Sinsal	1	150,00	985,00 €
Iván Marcos	<i>Eco</i>	3	103,33	111,00 €
Teatro do Morcego	<i>Kvetch</i>	10	81,30	417,10 €
Compañía Salva Sanchis	<i>Objects in mirror are closer than they appear</i>	2	34,00	167,50 €
Larsen + Little Annie	Festival Sinsal	1	91,00	534,00 €
C93	Festival Sinsal	2	132,50	2.219,00 €
Teatro Oficina + CDG	<i>Delimvois</i>	2	50,00	30,00 €
Orquestra O.M.E.G.A.	Festival Vibracional	1	120,00	450,00 €
Cía. Quique Peón	<i>Ovay</i>	2	225,00	502,50 €
Nut Teatro	<i>Wake Up</i>	4	80,25	285,00 €
Abrapalabra	<i>A piragua</i>	4	155,75	828,00 €
Teatro do Noroeste	<i>Glass City (cidade de cristal)</i>	12	155,58	769,75 €
Teatre Lliure	<i>Nixon-Frost</i>	2	158,50	935,00 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarad Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	100	10.866	41,23%	46.249,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemuller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	24	4.091	40,93%	20.003,69 €

TOTAL ACUMULADOS 2009

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	89	12.478	54,38%	61.460,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	18	3.669	81,86%	18.895,00 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	12	2.248	46,81%	5.596,90 €
<i>As Dunas</i> (CDG)	30	4.476	35,83%	24.853,95 €
<i>Giseliña</i> (CCG)	23	6.869	56,04%	14.972,90 €

* Desglose en anteriores números de e_scena

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIÓNS	ESPECT./FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Banda da Alcaíata con Iván e Josito	1	56,00	140,00 €
A Xanela do Maxín	4	142,00	280,19 €
Abada Teatro	3	282,67	1.006,67 €
Abrapalabra Creacións Escénicas	5	139,40	687,95 €
Arela das Artes	7	80,86	302,86 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	3	158,33	419,67 €
Ballet Carmen Roche	1	338,00	1.431,00 €
Berrobambán	11	221,36	414,86 €
Branca Novoneyra	1	66,00	306,00 €
Bstudiodanza	2	106,50	311,75 €
Búho y Maravillas	3	195,33	265,17 €
Caramuxo Teatro	5	85,80	160,50 €
Chelicia, Grupo de Violonchelos de Compostela	1	32,00	0,00 €
Chrystyan Magic	3	135,00	300,00 €
Cía. Daniel Abreu	1	76,00	480,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea - Ballet Jesús Quiroga	1	171,00	1.034,00 €
Clara Panas	1	172,00	410,00 €
Cobosmika Company	1	154,00	357,50 €
Compañía do Trinke Trinke	6	112,50	207,75 €
D2	4	121,75	545,00 €
Dani García	4	125,75	252,13 €
Disque Danza	1	22,00	20,00 €
Dúo Décima-Cervino (Piano a Catro Mans)	1	113,00	386,00 €
Elefante Elegante Teatro	12	203,00	398,15 €
Entremans	5	79,00	288,20 €
Espello Cóncavo	6	161,33	655,17 €
Expresións Producións	3	90,67	244,83 €
Fulano, Mengano e Citano	6	73,83	304,38 €
Galitoon	17	205,53	450,24 €
Gelabert Azzopardi Companyia de Dansa	1	64,00	59,00 €
Ghazafelhos	11	95,36	195,23 €
Grupo de Música Antiga 1500	2	124,50	277,75 €
Grupo de Teatro Lope de Vigo	6	60,67	120,92 €
Javier Martín	2	210,00	735,50 €
Julia Cea e Grupo	1	80,00	180,00 €
La Tirita de Teatro	5	71,40	141,00 €
Lagarta Lagarta	23	163,35	623,04 €
Lambríaca Teatro	8	114,00	285,31 €
Los Ulen	3	215,67	1.442,33 €
Mago Rafa	5	134,20	228,90 €
Mago Xacobe Sanz	3	105,00	229,83 €
Malasombra	11	99,09	309,98 €
Maquinaria Pesada	4	65,00	237,63 €
Marco González Tango Argentino	1	185,00	596,00 €
Martín Camiña	5	98,60	213,80 €
Matarile Teatro	6	100,67	456,33 €
Miroscopio Perdicións	12	67,17	170,54 €
Mondello Quartet	1	36,00	0,00 €
Nats Nus Dansa	1	93,00	215,00 €
Nova Galega de Danza	3	213,33	1.370,00 €
Nova Poesía	1	86,00	205,00 €
O Mago Teto	3	229,33	994,67 €
O Retrete de Dorian Gray	1	101,00	212,50 €
Orquestra Vigo 430	3	98,67	221,67 €
Os Monicreques de Kukas	15	153,80	309,80 €
Os Quinquilláns	6	299,00	393,67 €
Pinga Teatro	4	121,00	185,94 €
Pisando Ovos	5	121,40	275,60 €
Pistacatro Productora de Sonos	12	173,17	515,40 €
Producións Aconrabutaca	2	114,00	292,75 €
Producións Teatraís Excéntricas	9	191,56	916,31 €
Quique Peon, Cía.	3	224,00	1.081,33 €
Redrum Teatro	6	132,17	681,67 €
Román García	5	166,40	344,00 €
Ron Lalá	1	338,00	1.879,00 €

San&san	9	85,11	250,69 €
Sapristi	1	24,00	48,00 €
Sarabela Teatro	19	184,53	528,79 €
Symbiosis Producións S.C.	5	81,80	142,30 €
Italia Teatro	28	137,75	349,38 €
Teatro de Ningures	14	82,29	277,34 €
Teatro del Andamio	16	86,63	217,73 €
Teatro do Atlántico	13	152,46	628,11 €
Teatro do Morcego	22	182,55	899,81 €
Teatro do Noroeste	16	207,50	925,53 €
Teatro Ensalle	5	45,60	209,40 €
Teatro Galileo	10	150,70	484,10 €
Teatro Nu	4	113,25	254,63 €
Títeres Trompicallo	8	162,75	413,06 €
Titzina Teatre	2	78,50	438,50 €
Uroc Teatro	6	123,33	585,67 €
Volta e Dálle Teatro	2	103,50	302,50 €
Yllana	4	220,75	1.472,50 €
[in]constantes Teatro	6	194,83	1.438,58 €

CONCELLOS/ENTIDADES

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	50	176,86	905,04 €
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	7	265,14	707,93 €
A Estrada	13	75,54	344,46 €
Ames	21	77,14	160,23 €
Arteixo	9	118,11	280,89 €
As Pontes de García Rodríguez	7	157,14	323,04 €
Betanzos	4	92,25	291,88 €
Boiro	8	127,75	284,69 €
Burela	11	227	582,73 €
Cambados	4	201,25	264,00 €
Cangas de Morrazo	12	156,92	488,67 €
Carballo	18	150,72	533,58 €
Cedeira	10	81,5	152,00 €
Cee	17	97,12	162,12 €
Culleredo	8	60,25	138,00 €
Ferrol	21	107,62	432,57 €
Foz	21	122,76	274,21 €
Lalín	6	74,83	204,08 €
Lugo	4	104,5	316,25 €
Monforte de Lemos	8	142,5	343,00 €
Muros	13	91,69	173,23 €
Narón	25	168,32	847,64 €
Noia	6	111,33	318,83 €
O Barco de Valdeorras	12	104,83	412,50 €
O Carballiño	9	109,22	314,94 €
Oleiros	6	157,17	553,58 €
Ortigueira	6	37	100,75 €
Ourense. Teatro Principal	10	110,7	814,00 €
Ourense. Auditorio Municipal	17	232,76	671,59 €
Pontevedra	20	259,45	506,60 €
Redondela	10	192	437,10 €
Ribadavia	6	94,83	195,75 €
Ribadeo	13	128,23	245,38 €
Sada	8	41,63	132,94 €
San Sadurmiño	8	57,13	117,19 €
Santiago de Compostela	26	115,92	480,69 €
Sanxenxo	6	119,83	286,08 €
Tui	11	291,73	861,73 €
Vigo. Caixanova	11	259	1.120,13 €
Vilagarcía de Arousa	9	103,89	238,67 €
Viveiro	8	166,75	411,00 €

TOTAIS RGTA

(ATÉ OUTUBRO)	2006	2007	2008	2009
Funcións	512	485	575	499
Público	85.112	58.037	81.011	71.279
Ocupación	49,94%	32,93%	38,10%	36,20%
Facturado	191.750,70 €	176.393,31 €	270.100,74 €	233.618,00 €

[continúa na páx. seguinte]

REXISTRO DE DATOS OUTUBRO 2009 [E_SCENA EN CIFRAS]

[vén da páx. anterior]

REDE GALEGA DE SALAS

CONCELLO/ENTIDADE	Nº FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Arteria Noroeste (Santiago)	22	55,77	183,45 €
Sala Nasa (Santiago)	31	34,87	143,89 €
Sala Santart (Santiago)	23	17,74	64,35 €
Sala The Star (Carral)	13	42,62	126,69 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	27	11,96	95,19 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	43	35,05	130,51 €
Teatro Ensalle (Vigo)	33	22,82	156,64 €

TOTAIS RGS

(ATÉ OUTUBRO)	2007	2008	2009
Funcións	116	140	192
Público	3.590	3.583	5.853
Ocupación	38,52%	44,58%	41,82%
Facturado	18.559,00 €	18.033,00 €	24.975,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
6pm	5	58,00	183,40 €
7 Puertas	8	77,25	224,38 €
A Tuna Rastafari	11	79,45	289,45 €
Adrián Costa & Marcos Coll	4	77,25	355,25 €
Aguardiente Swing Quartet	5	41,80	183,20 €
Aid	4	49,25	152,25 €
Alberto Pérez	4	47,50	246,75 €
Alejandra Burgos	5	45,20	115,80 €
Aló Django	8	64,50	227,75 €
Álvaro Muras	8	24,88	58,38 €
Anger	5	48,20	129,00 €
Aphonníc	4	50,75	221,50 €
Ataque Escampe	4	36,00	129,00 €
Balakandra	4	28,75	53,75 €
Baldosa Amarilla	6	64,33	144,83 €
Banda Potemkin	5	66,00	189,80 €
Batusi	4	28,50	113,00 €
Brothers In Band- Tributo Dire Straits	6	54,50	161,17 €
Bruno T. Ford	9	34,78	106,00 €
Bukowski Blues Trío?	5	44,20	137,00 €
Carlos Childe Troupe	5	35,60	152,00 €
Chamito el Flako	4	57,50	122,25 €
Con Cierito Swing	3	33,67	106,00 €
Cooltrain Band	5	35,60	90,40 €
Cornelius	16	65,63	233,06 €
Coyote Express	2	40,50	105,00 €
Creole Kings	5	46,40	154,80 €
Dandy Fever	7	68,29	174,86 €
Debuxos Reanimados	3	62,00	227,33 €
Deva	6	44,33	102,33 €
Doctor Harapos	4	49,50	132,25 €
Ectoplasma	8	62,25	211,50 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	7	49,14	212,71 €
El Cubo	3	61,67	195,83 €
El Puchero del Hortelano	4	80,25	422,00 €
Elodio y Los Seres Queridos	4	32,00	145,25 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	9	54,00	156,33 €

Fainoti	3	44,67	190,00 €
Felix Arias	4	24,50	59,50 €
Franc3s	4	27,00	94,50 €
Graham Foster Trío	8	62,00	259,63 €
Guezos	4	53,50	95,25 €
Guru Deva	7	57,29	152,43 €
Harry Navisson Band	5	25,60	67,20 €
Héctor Lorenzo	7	29,71	70,43 €
Hendrik Röver & Los Esqueletos	5	62,80	209,60 €
Holywater	5	107,00	436,60 €
Javier Constenla "Improvía"	5	30,60	108,40 €
Javier Pereiro Quartet	4	27,25	113,75 €
José Luis Pardo & The Mojo Workers	4	46,25	201,50 €
La Pegatina	4	144,75	563,90 €
Lisandro Aristimuño	4	51,75	216,00 €
Little Albert Boogie Band	3	37,00	121,33 €
Los Eternos	7	50,71	161,57 €
Los Marcianos	6	29,50	76,67 €
Los Mecánicos	8	50,75	110,88 €
Lucía Martínez Cuarteto	4	44,00	184,50 €
M3 - Monkeymeetsmusic	5	48,00	167,60 €
Magín Blanco & Burgas Beat	5	43,00	93,00 €
Meu	8	76,88	251,50 €
Michel Gonzalez Band	2	41,50	92,50 €
Microguagua	6	45,67	149,50 €
Miki Nervío & The Bluesmakers	7	55,71	167,14 €
Misquious	7	30,71	73,43 €
Moon Cresta	7	33,43	131,43 €
Moondogs Blues Party	5	52,60	216,20 €
Mr. Whiz	4	42,25	159,25 €
Niño y Pistola	8	50,75	169,63 €
O Sonoro Maxín	9	68,33	249,67 €
Os Trasnós de Moscoso	4	36,25	51,75 €
Overlook	3	32,33	173,67 €
Pablo Bicho Quinteto	5	64,00	195,40 €
Pablo Seoane Quartet	4	27,75	96,25 €
Phantom Club	5	72,60	259,60 €
Por Placer	6	71,00	213,67 €
Preachers Of Rock And Roll	5	34,20	121,60 €
Rockers Go To Hell	4	49,50	148,00 €
Ruso Negro Dúo	5	45,00	119,80 €
Samesugas	3	36,33	146,00 €
Samuel Levi	4	24,00	40,25 €
Sevigny	10	47,20	184,60 €
Snatch	5	52,40	80,20 €
Sojazz	6	34,17	82,67 €
Som do Galpom	7	39,86	130,29 €
Stereotipos	5	91,60	302,80 €
Sugar Mountain	10	53,90	177,10 €
Swing Session Quintet	1	25,00	75,00 €
Swingpool	6	38,33	109,17 €
Tangazz Trío	4	21,25	75,75 €
The 38beats	5	42,60	117,00 €
The Blows	6	87,50	299,83 €
The Fishfuckers	6	46,00	164,33 €
The Homens	5	63,00	248,20 €
The Sweat	6	38,67	100,33 €
Transilvanians	7	58,71	244,14 €
Tumbling Dice	6	27,33	60,67 €
Victor Aneiros	4	51,00	163,75 €
Vozes da Rádio	4	60,75	261,75 €
Woden	6	51,33	121,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fundación (Melide)	12	69,25	140,67 €
A Regueifa (Ponteareas)	16	61,38	165,63 €
Ache (Marín)	9	38,44	256,67 €
Aturuxo (Bueu)	17	63,76	296,82 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	22	46,55	126,25 €
Babel (Lugo)	3	37,67	112,00 €
Badulake (Ordés)	8	38,25	121,75 €
Bar Liceum (O Porriño)	12	81,83	313,79 €
Bar Patos (Nigrán)	6	31,5	119,17 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	13	62,23	186,69 €
Borriquito de Belém (Santiago)	8	44,75	104,00 €
Café Concerto Antano (Outes)	9	43,44	109,00 €
Café-cultural Roi Xordo (Allariz)	7	67,14	196,57 €
Casa das Crechas (Santiago)	9	49,78	128,44 €
Catro Camiños (A Rúa)	11	44,36	15,09 €
Clandestino (Nigrán)	13	39,92	126,54 €
Clavicémbalo (Lugo)	19	51	200,11 €
Contrabajo (Vigo)	26	35,15	150,00 €
El Ensanche (Vigo)	12	48,42	145,25 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	6	81,67	205,00 €
Forum Celticum (Culleredo)	10	103,9	265,80 €
Garufa (A Coruña)	25	37,24	142,40 €
Jazz Filloa (A Coruña)	4	38,75	193,75 €
Jazz Vides (A Coruña)	26	37,5	141,31 €
La Casa de Arriba (Vigo)	11	25,27	125,27 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	24	46,96	179,21 €
La Galeríajazz (Vigo)	7	20,57	92,86 €
La Iguaña Club (Vigo)	14	70,43	293,00 €
Marrucho (Baiona)	16	34,75	83,63 €
Náutico (O Grove)	16	77,31	231,00 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	10	55,3	137,20 €
Planeta (Sarria)	9	60,89	191,22 €
Pub o Muíño (Cervo)	12	50,5	112,33 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	20	50,05	131,70 €
Pub Gatos (Melide)	13	49,15	133,38 €
Pub Leblón (Pontecaldeas)	14	37,79	57,21 €
Sala 600 (Melide)	12	65,83	256,58 €
Sala Karma (Pontevedra)	13	81,23	382,77 €
Sala Run Rum (Ferrol)	17	53,59	215,59 €
Salason (Langas de Morrazo)	12	49,5	184,92 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra de Miño)	7	58,57	167,14 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	10	32,3	104,10 €

TOTAIS RGMV

(ATÉ OUTUBRO)	2007	2008	2009
Concertos	550	460	490
Público	26.454	23.127	24.998
Ocupación	25,91%	37,31%	40,76%
Facturado	65.268,00 €	69.065,00 €	81.911,00 €

CIFRAS